

BANDO

**DON SILVESTRE JOSÉ BALSEIROS GUINARTE, ALCALDE-
PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERDEDO (PONTEVEDRA),**

FAI SABER:

Que dentro do Plan de Emprego Local deseñado polo Concello de Cerdedo, e en estreita colaboración coa empresa pública Seaga, infórmase que está aberto o prazo para a actualización de méritos do persoal inscrito nas listas de Seaga e para a inscrición de novos candidatos que desexen optar ós postos de traballo que se cubrirán de cara a vindeira campaña de incendios do ano 2012 e que xestiona a empresa pública SEAGA.

O ano que ven celebraranse os procesos selectivos e as probas de acceso para as distintas categorías (enxeñeiro técnico forestal, capataz, xefe de brigada, peon, emisorista), sendo requisito imprescindible anotarse neste prazo para poder asistir ó proceso de selección. **O prazo de anotación remata o vindeiro 31 de outubro do presente ano.**

Os interesados deben de anotarse persoalmente nas oficinas de Seaga en Pontevedra, situadas na *Praza do Teucro, número 18*. Para máis información poden chamar ó teléfono 986.80.39.38 da propia empresa Seaga, encargada do proceso.

Cerdedo, 4 de outubro de 2011
O Alcalde-Presidente

Asdo.: S. José Balseiros Guinarte